

Salarios desde o punto de vista do perceptor: Salario bruto anual segundo a antigüidade

Resumo de resultados 21/05/2021

ÍNDICE

Salario bruto anual segundo a antigüidade.....	1
Salario bruto anual segundo o sexo e a antigüidade.....	2
Ganancia por hora segundo a antigüidade.....	3
Definicións, fontes e máis información.....	3

Salario bruto anual segundo a antigüidade


O salario bruto anual está directamente relacionado coa antigüidade no posto de traballo. O complemento de antigüidade mellora os salarios dos traballadores, aínda que o incremento non é unicamente debido a este complemento, senón que a antigüidade na empresa provoca melloras no posto de traballo e, por conseguinte, nas remuneracións.

Na última categoría (máis de 30 anos) o salario descende con respecto á anterior. Este último efecto pode estar orixinado, entre outros motivos, pola existencia de topes salariais.

Salario bruto anual segundo a antigüidade. España e Galicia. Ano 2018

Unidade: Euros

Antigüidade	España	Galicia
Total	24.009,12	22.244,59
Menos de 1 ano	16.452,04	15.568,46
De 1 a 3 anos	19.346,54	17.246,30
De 4 a 10 anos	23.815,63	20.822,15
De 11 a 20 anos	28.033,26	26.259,99
De 21 a 29 anos	34.812,20	33.624,77
30 ou máis anos	36.405,25	33.489,41



En Galicia, os salarios máis altos atópanse entre os asalariados que teñen unha antigüidade na empresa de 21 a 29 anos, onde o seu valor representa máis do dobre do salario percibido polos asalariados cunha antigüidade inferior a 1 ano. En España, pola contra, os salarios máis elevados obsérvanse no grupo de traballadores e traballadoras que leva 30 ou máis anos na mesma empresa.

Salario bruto anual segundo o sexo e a antigüidade

Os salarios brutos anuais dos homes e das mulleres teñen un comportamento similar respecto aos anos de antigüidade na empresa, a excepción de no último grupo; isto é, nos homes os salarios crecen ata o nivel de 21 a 29 anos de antigüidade e descenden no último nivel, mentres que nas mulleres os salarios aumentan ata o último grupo de antigüidade.


As diferenzas relativas entre os salarios dos homes e das mulleres son maiores nos asalariados con menos de catro anos de antigüidade e así, nos grupos de menos de 1 ano de antigüidade e de 1 a 3 anos de antigüidade, o salario dos homes é superior ao das mulleres nun 40,88 % e nun 29,02 %, respectivamente.

Por outra banda, as menores diferenzas preséntanse nos asalariados de entre 4 e 10 anos de antigüidade e de máis de 30 anos, nos que o incremento do salario dos homes con respecto ao das mulleres é dun 15,11 % no primeiro caso e sitúase no 25,44 % no segundo.

Salario bruto anual segundo o sexo e a antigüidade. Galicia. Ano 2018

Unidade: Euros

Antigüidade	Total	Homes	Mulleres
Total	22.244,59	24.826,91	19.543,17
Menos de 1 ano	15.568,46	18.012,15	12.785,66
De 1 a 3 anos	17.246,30	19.287,11	14.949,21
De 4 a 10 anos	20.822,15	22.332,66	19.401,80
De 11 a 20 anos	26.259,99	29.955,49	22.678,25
De 21 a 29 anos	33.624,77	37.133,45	29.410,64
30 ou máis anos	33.489,41	37.226,08	29.677,09



Ganancia por hora segundo a antigüidade


Na análise da ganancia por hora segundo a antigüidade dos traballadores obsérvase o mesmo comportamento ascendente do salario respecto a antigüidade do traballador, tanto en España como en Galicia.

Cabe resaltar que, se ben cando se considera o salario bruto anual segundo a antigüidade dos traballadores obsérvase un lixeiro descenso do salario nos traballadores con máis de 30 anos de antigüidade na empresa, cando se considera a ganancia por hora, os salarios incrementáanse en todos os tramos de antigüidade. Semella, polo tanto, que o descenso do salario bruto anual nos traballadores con máis antigüidade podería deberse a un descenso das horas traballadas e non a un da ganancia por hora.

Ganancia por hora segundo a antigüidade. España e Galicia. Ano 2018

Unidade: Euros

Antigüidade	España	Galicia
Total	11,95	10,97
Menos de 1 ano	9,16	8,50
De 1 a 3 anos	10,11	9,07
De 4 a 10 anos	11,66	10,12
De 11 a 20 anos	13,20	12,27
De 21 a 29 anos	16,01	15,23
30 ou máis anos	17,45	15,94



Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Salario bruto anual segundo o sexo e a antigüidade. Galicia e España
- Ganancia por hora segundo o sexo e a antigüidade. Galicia e España

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial elaborada polo INE